



A túa innovación marca o camiño

Programa de

**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas pemes

**COMO
INNOVAR
A PARTIR
DOS
IMPREVISTOS**




16



XUNTA
DE GALICIA

A incerteza como fonte de oportunidades

Cando facemos fronte aos imprevistos de forma diferente estamos a innovar, a clave está en converter estes nunha fonte de oportunidades e para iso temos que abrir as nosas mentes e negocios.




Cando se producen

DENTRO DA EMPRESA

Aínda cun bo plan para innovar, ás veces os resultados non son os agardados pero estes poden superar en impacto o obxectivo inicial.



En 1886, o farmacéutico John Pemberton buscaba unha fórmula para tratar problemas dixestivos. O resultado non foi unha medicina, senón o refresco máis consumido en todo o mundo: a Coca-Cola.



Cando se producen


FÓRA DA EMPRESA

Os cambios tecnolóxicos, económicos, sociais e xeopolíticos poden sacudir a nosa empresa nun primeiro momento, pero unha reacción rápida e intelixente permite reinventarse e ser mesmo mellor que antes.



A necesidade dun medio de transporte económico e sostible, e a coincidencia tecnolóxica coas baterías de litio, cambiaron o uso do patinete pasando de xoguete a vehículo eléctrico mudando por completo as nosas rúas. Os fabricantes de teléfonos ou electrodomésticos aproveitaron o seu coñecemento para lanzar novos produtos de mobilidade coma XIAOMI, empresa líder en fabricación

Como xestionar os imprevistos en clave innovadora



ELAS, EMPRESAS GRANDES E PEQUENAS, XA O PUXERON EN PRÁCTICA



MOBILEYE

A empresa líder mundial en sistemas de conducción asistida e autónoma houbo de superar 16 anos de altos e baixos e reinventarse varias veces antes de asentarse definitivamente no mercado. Hoxe, máis de 125 millóns de vehículos empregan a súa tecnoloxía.



TELEVÉS

Televés soubo aproveitar as continuas transformacións do sector das emisións de televisión e diversificar o seu negocio cara a sectores como o sociosanitario e o aeroespacial. A súa capacidade de adaptación é froito da aposta pola innovación e da vocación por explorar oportunidades novas.



AUSAVIL

Esta peme da Estrada, dedicada a solucións de limpeza, baseouse na innovación para crear a solución Covid-Killer, a cal permitiu ás ópticas desinfectar as lentes que probaban os seus clientes durante a pandemia.

MIRAMAR CRUISES

Desde A Coruña, esta peme logrou posicionarse de xeito moi competitivo no sector da comercialización *online* de cruzeiros aplicando a innovación para responder, de xeito rápido e eficiente, aos cambios continuos que se producen na súa industria e nas necesidades da súa clientela.

INPLASOR

A peme ourensá logrou en 2020 o Premio á Elasticidade nos Procesos Productivos, grazas á súa innovación para crear solucións á rotura dos *stocks* das cadeas de subministración durante a pandemia a través de procesos máis flexibles.



Accede a todos os cadernos para saber máis sobre innovación.



Coñece as historias de éxito de innovación protagonizadas por pemes galegas.

Contacta con nós para poñer en marcha o teu propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Axencia Galega de Innovación

981 957 008

servizos.gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

<http://gain.xunta.gal>



**XUNTA
DE GALICIA**